



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

Cándido Pérez Betanzos
Carlos Mollinedo Lois.

CC.OO.

Manuel Velasco Graña

U.G.T.

Pablo Álvarez Rodríguez (DS)
Juan José Fernández Pérez.
Arturo Casar Sarasola.

DELEGAN VOTO

M^a Jesús Losada Rodríguez
Carmen Serra Rodríguez
Victoria Alonso Crespo
Carlos Mollinedo Lois
Antón García Fernández
Rodrigo Alberte Pivida
Aser Fernández Rey
Federico Fernández Fernández

AUSENTES C.I.

ASISTENTES CC.EE.

Marisa Magaz Ledo

*DS- Delegado Sindical

Reunidos, en sesión extraordinaria, nos locais sindicais do Edificio Fundición o día 17 de novembro de 2006, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Punto único: Proceso de consulta do II Convenio. Escrutinio definitivo do referendun que se celebrou o día 15 de novembro.

Antes de comezar a reunión, o Presidente da conta dos votos delegados que nesta ocasión corresponden aos debidamente enviados por: M^a Jesús Losada Martínez, Antón García Fernández, Federico Fernández Fernández e Rodrigo Alberte Pivida que delegan en Cándido Pérez Betanzos e os, a súa vez, enviados por: Victoria Alonso Crespo, Carmen Serra Rodríguez e Aser Fernández Rey que delegan en Manuel Velasco Graña.

1. Punto único: Proceso de consulta do II Convenio. Escrutinio definitivo do referendun que se celebrou o día 15 de novembro.

O Presidente da comezo ao Pleno informando que só chegou un voto por correo, o enviado por Alejandro Fraile Camiño. [Este voto foi enviado por Burofax, ao Secretario do CI, o 10 de novembro de 2006, días antes de que a Comisión Electoral do Referendun estipulara as normas que rexerían o proceso e a emisión do voto por correo]. Cándido Pérez, cita o artigo 80 do Estatuto dos Traballadores, no que se di que cando se someta á asemblea a adopción de acordos que afecten ao conxunto dos traballadores, para que estes sexan válidos necesitaran o voto favorable persoal, libre, directo e secreto, incluído o voto por correo, a metade máis un dos traballadores da empresa ou centro de traballo.

Tras esta cita, da comezo unha reflexión sobre o carácter do voto achegado por correo, ao final os presentes coinciden en que ten que ser necesariamente declarado voto nulo.

Acordos:

- Contabilizar o voto achegado por correo como voto nulo
- Elevar os datos provisionais, tras engadir o voto nulo, a definitivos.

Ado.: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)